

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO

Bravo Bosch, María José
Caparrini Marín, Natalia
Cidrás Piqué, José
Lago Ferreiro, Alfonso
Lantarón Caeiro, Eva
Lesmes Romero, Yolanda
Pozo Triviño, María Isabel del
Reboreda Morillo, Susana
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rodríguez Rajo, Francisco Javier
Rubio Armesto, Belén
Sánchez Moreiras, Adela María
Valderrama Santomé, Mónica

DECANOS/DIRECTORES

Álvarez González, Susana
Bajo Palacio, Ignacio
Currás Valle, Consuelo
Díaz Redondo, Rebeca P.
Fariña Rodríguez, José
Formella, Arno
Lorenzo González, María de las Nieves
Peña Gallego, María de los Ángeles
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Soto González, María Mercedes
Torres Romay, Emma

PDI-A

Anaya Revuelta, Inmaculada
Arévalo Tomé, Raquel
Durán Barbosa, Rafael
López Ardao, Jose Carlos
López Mira, Álvaro Xosé
Montero Reguera, José Francisco
Paz Penín, María Concepción
Pérez Vázquez, María Consuelo
Porteiro Fresco, Jacobo
Romo Pérez, Vicente
Ruiz Hidalgo, María del Carmen
Siota Álvarez, Mónica

PDI-B

Álvarez Álvarez, María Salomé
Barreiro Rodríguez-Moldes, M^a Covadonga

ESTUDANTES

González González, Jaime
Lima González, Estela
Martínez Gómez, Sandra María
Redondo Cervantes, Montserrat
Rodríguez Pousa, Estela
Santos Grandal, Juan

PAS

CONSELLO SOCIAL

Larriba Leira, Elvira
Pedrosa Silva, Ernesto

SINDICATOS

Cuevas Alonso, Miguel
Pazos Currás, Marta María
Ríos Santomé, María José

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Calviño Rodríguez, Xulio
Meis Solla, Iago
Rodríguez Domínguez, María del Mar

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 06 de febreiro de 2025, convocada para ás 11:30 h. en primeira convocatoria e ás 12:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 12:00 do día 06 de febreiro de 2025 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, e mais a secretaria xeral xunto con varios membros do órgano asisten presencialmente na Sala Manolo Ramos.

Por outra banda, as persoas da comunidade universitaria poden seguila mediante un enlace a UVigo TV cun contrasinal que se lles comunica antes do comezo da mesma.

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024 e á sesión extraordinaria do 24 de xaneiro de 2025.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da Normativa para a elaboración do POD (Plan de Ordenación Docente) da Universidade de Vigo.
4. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD do curso académico 2025/26.
5. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria dunha praza de TU correspondente ao 15 % da OEP do 2023 para a contratación de investigadores/as con certificado I3 na área de coñecemento A0555 (enxeñaría química) do departamento T04 (enxeñaría química) e delegación na COAP da convocatoria de mobilidade asociada.
6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/26.
7. Aprobación, se procede, da tramitación das propostas de Programas de Simultaneidade de Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais e Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos para o curso 2025/2026.
8. Aprobación, se procede, da modificación do curso de iniciación á formación para a docencia universitaria.
9. Aprobación, se procede, do I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo.
10. Presentación dos indicadores do I Plan de internacionalización dos anos académicos 2022-2023 e 2023-2024.
11. Aprobación, se procede do Regulamento de réxime interno do departamento de Química Orgánica.
12. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de doutoramento.
13. Quenda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 20 de decembro de 2024 e á sesión extraordinaria do 24 de xaneiro de 2025.

O reitor pide que se aproben por asentimento.

Apróbanse por asentimento.

2. Informe do reitor.

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Asinouse a licitación do edificio aeorespacial en Ourense.
- 27 de decembro, pleno do Consello Social en Ourense.
- 7 de xaneiro, presentación da cátedra CHIP.
- 8 de xaneiro, Consello de Campus de Ourense; 9 de xaneiro, Consello de Campus de Pontevedra.
- Cambio na dirección de ECOBAS. Agradecemento ao director saínte (Xavier Labandeira) e ao entrante (Pablo Cabanelas).
- Teletraballo, plan piloto na ATIC.
- Xunta directiva IXEX.
- Axudas de estudo propias para persoas procedentes de tutelado.
- Rafael Durán foi substituído por Iris Machado de Oliveira como decano/a comisario/a da Facultade de Enfermaría.
- Sinatura novo convenio Ardán.
- Recepción asociación galacio-árabe Jenin.
- Avances no plan estratéxico, estará listo para o vindeiro Claustro.
- Athena: continúan os traballos.
- 20 de xaneiro, Consello Reitor do CINBIO, novos compoñentes.
- 21 de xaneiro, visita do Conselleiro ao CINBIO.
- 4 novos cursos relacionados coa lingua galega.
- A Universidade celebrou o 50 aniversario dos estudos universitarios en Ourense.
- Benvida ao estudantado internacional nos tres Campus.
- TecnBioFood aposta pola transferencia a San Tomé, industrias agroalimentarias coa illa de San Tomé.
- The World University Rankings by Subject 2025: situámonos entre as 400 mellores universidades do mundo en: Bioloxía, Ciencias do Deporte, Dereito, Ciencias Agrícolas e Forestais.
- Un grupo de CINBIO e outro de AtlanTTic recibiron un premio da Real Academia Galega de Ciencias, e un grupo de CINTECX recibiu un accésit.
- CINTECX visibiliza ás investigadoras, cun calendario ilustrado e exposición.
- San Tomé: celebrando a excelencia, cunha gran presenza de persoas premiadas.
- Presentouse un libro sobre novas masculinidades corresponsables.
- Asinados os convenios para financiamento do Campus Auga e para Infraestruturas.

- Belén Rivero recibiu o premio da Real Academia Galega das Ciencias para persoas investigadoras novas.

3. Aprobación, se procede, da Normativa para a elaboración do POD (Plan de Ordenación Docente) da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen presenta esta normativa:

Criterios xerais para o reparto da docencia entre o profesorado do departamento

O consello do departamento será o responsable de asignar, entre o seu profesorado, as materias de grao que teña adscritas, así como de comprobar que as diferentes desgravacións, recoñecementos e outra docencia en POD do seu profesorado son correctas. Os criterios para esta asignación deberán basearse nos seguintes principios:

- **Equilibrio na distribución das materias:** asignar as materias ao profesorado de tal xeito que se evite o fraccionamento innecesario das mesmas entre varios docentes.
- **Optimización da carga docente:** procurar que o número de materias asignadas a cada docente sexa o máis reducido posible.
- **Equilibrio na distribución das tarefas docentes:** asegurar que a carga docente se reparta de forma equitativa entre o profesorado, tendo en conta a súa capacidade docente.
- **Especialización do profesorado:** para asignar as materias, daráselle preferencia á área de coñecemento como criterio de especialización do profesorado (para asegurar que a distribución sexa coherente coas súas competencias).
- **Conciliación:** en aplicación da lexislación vixente, promover medidas que faciliten a conciliación familiar e laboral do profesorado.

A. Reparto inicial da docencia do departamento

A asignación da carga docente, para o curso seguinte, será realizada polo consello de departamento, que a distribuirá entre o profesorado dos corpos docentes (profesorado funcionario), o profesorado laboral, e o persoal investigador (PI) que así o solicite. O anexo I recolle as figuras docentes que participan nesta asignación. O persoal investigador (PI) con cargo á Lei da ciencia, ben sexa posdoutoral ou predoutoral, poderá participar nas tarefas docentes nos termos que se especifican no anexo II desta normativa. Para elo, o PI que queira participar no reparto da docencia ten que deixar clara, previamente, a súa intención de impartir docencia, así como o número de horas de docencia que quere asumir, en simultaneidade no caso dos predoutorais, e preferentemente en solitario no caso dos posdoutorais (ver anexo II).

A. Reparto inicial da docencia do departamento

- a) O consello de departamento distribuirá a carga docente en cada unidade docente entre as seguintes figuras de profesorado, atendendo á capacidade docente do persoal que participe neste primeiro reparto: catedrático/a de universidade (CU), profesorado titular de universidade (TU), catedrático/a de escola universitaria (CEU), profesorado titular de escola universitaria (TEU), profesorado contratado doutor (PCD), profesorado permanente laboral (PPL), profesorado axudante doutor/a (AXD), profesorado asociado LOU (PA-LOU), profesorado distinguido (PD) e o Persoal Investigador (PI) posdoutoral (se así o solicita, ver anexo II). O departamento disporá o procedemento de reparto de tal xeito que permita na medida do posible, que aquel PI posdoutoral que opte por impartir docencia poida facelo en solitario, sen recorrer á simultaneidade, haxa ou non haxa folguras docentes.

O profesorado asociado LOSU será contratado de xeito indefinido e manterá as materias que figuran no seu contrato, polo que nin eles nin a docencia que teñan asignada entrará neste reparto.

A. Reparto inicial da docencia do departamento

- b) Se despois deste primeiro reparto, a carga docente das unidades docentes supera a súa capacidade docente, o citado departamento poderá cubrila dos seguintes xeitos:

1. Mobilidade voluntaria entre unidades docentes da mesma área. Nos casos de déficit de capacidade docente nunha unidade docente e superávit noutra, poderá establecerse mobilidade voluntaria do persoal docente e/ou investigador entre unidades docentes. As horas de docencia impartidas en campus diferentes do habitual computarán cunha porcentaxe adicional (100 % para Ourense/Vigo ou Ourense/Pontevedra e 50 % para Pontevedra/Vigo).

As titorías deberán distribuírse entre os dous campus de xeito proporcional ás horas de clase impartidas e non lles corresponderán indemnizacións por razón do servizo durante o período de impartición de docencia, agás en casos excepcionais relacionados con novos títulos.

As propostas de mobilidade non implican un cambio de adscrición de campus.

O persoal docente e/ou investigador que asuma voluntariamente docencia nun campus distinto do seu centro de traballo, e sempre e cando non exista docencia dispoñible no campus do seu centro de traballo, poderá solicitar as correspondentes indemnizacións por razón de servizo, tal e como se especifica na instrución sobre a liquidación de desprazamentos intercampus da vicerreitoría de profesorado e ordenación académica.

A. Reparto inicial da docencia do departamento

2. Asignación de docencia a profesorado laboral (PCD, PPL ou AXD) que estea por riba da súa capacidade docente e que, voluntariamente, acepte unha carga maior de docencia, ao cal se lle remunerará a hora extra co importe indicado polo servizo de retribucións, tal e como se recolle no artigo 20 do convenio colectivo do persoal laboral, ata un máximo de tres horas á semana e co límite de 80 horas anuais.
3. Mobilidade voluntaria entre unidades docentes de áreas afíns. Nos casos de déficit de capacidade docente nunha unidade docente e superávit noutra, o departamento poderá solicitar mobilidade voluntaria do persoal docente e/ou investigador entre unidades docentes de áreas afíns, nas mesmas condicións que entre unidades docentes da mesma área (punto 1).

A. Reparto inicial da docencia do departamento

4. Solicitud de contratación de novo profesorado, utilizando algunha das seguintes categorías (sen orde de preferencia):
 - Profesorado asociado para materias de particular especificidade. O profesorado asociado LOSU será contratado de xeito indefinido e manterá a súa docencia nas materias que figuren no seu contrato. No caso de que a carga docente do profesor asociado/a se vexa alterada ao longo dos anos, a súa asignación docente poderá ser modificada se hai acordo entre o departamento e a persoa implicada.
 - Lectores/as (nas áreas que corresponda).
 - Profesorado substituto. O profesorado substituto será contratado, preferentemente de xeito parcial, agás en casos de excepcional necesidade, onde a vicerreitoría valorará a motivación da necesidade da súa contratación a tempo completo.
 - Profesorado visitante.

A. Reparto inicial da docencia do departamento

- c) O persoal predoutoral contratado con cargo á Lei da ciencia poderá, se así o solicita, simultanear a docencia con algún profesor/a do departamento, quen será responsable da súa supervisión e titorización. O número de horas simultaneadas será certificado polo órgano correspondente (ver anexo II).

En caso de desacordo coa asignación da docencia do profesorado no consello de departamento, aplicarase a orde de prelación por categoría profesional, e dentro de cada figura por antigüidade.

- a) A orde de prelación por figura distingue as categorías docentes e investigadoras indicadas no anexo I.
- b) O seguinte criterio de prelación será a antigüidade na categoría docente e investigadora correspondente na Universidade de Vigo, e en caso de empate o seguinte criterio será a antigüidade na docencia universitaria.

A. Reparto inicial da docencia do departamento

Por último, as profesoras que se acollan á desgravación de ata o 100% no curso de reincorporación tras o permiso por maternidade, ou de ata o 50% no ano seguinte, manterán a mesma asignación docente do curso académico anterior á súa baixa a efectos de certificación da docencia. Entre tanto, esta docencia quedará dispoñible para ser reassignada no POD ao resto do profesorado.

A COAP, por delegación expresa do consello de goberno, aprobará, se procede, as propostas de POD remitidas polos departamentos, así como a convocatoria de prazas a concurso. Así mesmo, dará conta ao consello de goberno dos acordos adoptados.

B. Modificación do POD durante o curso académico

Con criterio xeral, os POD aprobados ao principio do curso permanecerán inalterados durante todo o curso académico. Non obstante, a asignación docente poderá ser modificada en casos excepcionais, tales como ausencias por enfermidade, baixas, permisos por maternidade, comisións de servizo, servizos especiais, excedencias, materias sen alumnos propios matriculados, novos cargos académicos, entrada de novo profesorado consolidable, ou incrementos de docencia, entre outros. Así mesmo, o número de grupos das materias, e polo tanto o POD, poderá axustarse en función da matrícula real tras o inicio do curso académico.

Nestes casos, procurarase que a modificación afecte o mínimo posible ao POD inicial. Os departamentos poderán cubrir esta docencia vacante seguindo as opcións enumeradas por orde de preferencia:

B. Modificación do POD durante o curso académico

- a) **Asignación de docencia ao persoal investigador posdoutoral, que se atope simultaneando docencia presencial**, o cal deberá asumir obrigatoriamente a citada docencia, sen que sexa posible continuar na modalidade de simultaneidade (ver anexo II).
- b) **Asignación de docencia ao profesorado que dispoña dunha maior folgura**, xa sexa por cese nun cargo académico, por materias sen estudantes matriculados, ou por calquera outra circunstancia con impacto na carga docente efectiva. Tratarase de repartir o incremento de docencia de xeito proporcional entre o profesorado do departamento, respectando os criterios xerais de non fragmentación de materias, de optimización de carga docente, etc.
- c) **Aplicación da mobilidade entre campus**, nos termos do apartado a) do artigo 2 da sección A desta normativa.

B. Modificación do POD durante o curso académico

- d) **Asignación de docencia ao profesorado laboral** (PCD, PPL ou AXD) que exceda a súa capacidade docente e que, voluntariamente, acepte incrementar a súa carga docente. Neste caso, remuneraráselle a hora extra conforme ao apartado b) do punto 2 da sección A desta normativa.
- e) **Solicitud de contratación de novo profesorado**, empregando algunha das seguintes categorías:
 - Profesorado visitante (de acordo co anexo III desta normativa).
 - Lectores/as (nas áreas que corresponda). Os lectores/as que causen baixan serán substituídos, sempre que sexa posible, con outro profesorado da mesma figura, isto é a de lector ou lectora.
- f) **Solicitud de contratación de profesorado substituto**, cando se cumpran as condicións recollidas no anexo III.

B. Modificación do POD durante o curso académico

- g) **Asignación de docencia a profesorado permanente funcionario ou laboral**, en casos excepcionais, e por situacións non estruturais, sempre que estea de acordo en aceptala de forma voluntaria, coa condición de que se lle recoñeza esta asignación no vindeiro curso académico.

As contratacións do profesorado substituto terán a duración que corresponda á causa que promova a contratación. Procurarase un reparto de horas de docencia por semana equilibrado e tendo en conta a planificación docente das materias asignadas.

Para solicitar novas contratacións, os departamentos deberán remitir, xunto coa proposta de POD, a solicitude das correspondentes prazas, indicando, para cada unha delas, a categoría e a dedicación, a área de coñecemento e o campus asignado. As contratacións motivadas polas modificacións no POD serán analizadas e aprobadas pola COAP, e deberán ser comunicadas aos centros afectos. Calquera cambio no mesmo debe realizarse antes da emisión automática dos certificados de docencia impartida. Isto é, antes do 24 de xaneiro de 2026 para o primeiro cuadrimestre, e antes do 6 de xuño de 2026 para o segundo cuadrimestre.¹

B. Modificación do POD durante o curso académico

Aprobación e Vixencia do POD

O Consello de Goberno, a través da COAP, aprobará as propostas do POD enviadas polos departamentos. As modificacións excepcionais do POD tamén serán aprobadas pola COAP e comunicadas aos centros correspondentes.

Disposición final

As contratacións ás que se fai referencia na presente normativa deberán contar, se é o caso, coas correspondentes autorizacións por parte das autoridades estatais ou autonómicas segundo o previsto nas leis aplicables de orzamentos xerais do Estado e de orzamentos xerais da comunidade autónoma de Galicia.

Anexo I. Figuras de profesorado entre as que se distribuirá a carga docente, ordenadas por prelación

1. Catedrático/a de Universidade (CU).
2. Profesorado Titular de Universidade (TU) e Catedrático de Escola Universitaria (CEU).
3. Titular de Escola Universitaria (TEU)
4. Profesorado Permanente Laboral (PPL) e Profesorado Contratado Doutor (PCD)
5. Profesorado Axudante Doutor (AXD).
6. Profesorado Distinguido (PD). Esta figura correspóndese ao profesorado distinguido LOSU e non debe confundirse coa de investigador distinguido da Lei da ciencia.
7. Persoal Investigador Posdoutoral consolidable* (PI-consolidable) (para a súa dedicación ver o anexo II destas normas). Entenderase como persoal consolidable aquel incluído nas figuras Ramón y Cajal, Investigador Distinguido, Persoal posdoutoral da convocatoria de 2023, e persoal das convocatorias de consolidación investigadora.

Anexo I. Figuras de profesorado entre as que se distribuirá a carga docente, ordenadas por prelación

8. Persoal Investigador Posdoutoral non consolidable* (PI-non consolidable) (para a súa dedicación ver o anexo II destas normas).
9. Profesorado Asociado LOU (PA-LOU) (o profesorado asociado LOSU non entra no reparto, xa que a súa docencia ven determinada polo seu contrato).

O profesorado con maior dedicación (a tempo completo ou a tempo parcial) terá prioridade dentro da mesma categoría docente e investigadora, mentres que o profesorado interino ou substituto situarase no último lugar desta. Ademais, o profesorado con categoría de Escola Universitaria (segundo a LOU) será integrado na categoría inmediatamente inferior correspondente.

Anexo I. Figuras de profesorado entre as que se distribuirá a carga docente, ordenadas por prelación

Capacidade docente máxima e mínima por categoría docente.

Figura	Horas lectivas por curso académico		Horas semanais de Titorías
	Mínima	Máxima	
Catedrático/a de Universidade	120	240	6
Profesorado Titular de Universidade	120	240	6
Catedrático/a de Escola Universitaria	120	240	6
Profesorado Titular de Escola Universitaria	120	240	6
Profesorado Permanente Laboral	120	240	6
Profesorado Contratado Doutor	120	240	6
Profesorado Axudante Doutor LOU	120	240	6
Profesorado Axudante Doutor LOSU	120	180	4
Profesorado Distinguido	90	180	4

Profesorado Asociado LOU / LOSU P4	60	120	3
Profesorado Asociado LOU / LOSU P3	45	90	2
Lector/a	120	240	6
Profesorado Substituto a TC	120	240	6
Profesorado Substituto / P6	90	180	4
Profesorado Substituto/a P5	75	150	3,5
Profesorado Substituto/a P4	60	120	3
Profesorado Substituto/a P3	45	90	2

* Ver táboa anexo II

** O profesorado interino elixirá na categoría que lle corresponda, inmediatamente despois dos titulares da citada categoría

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

A posibilidade de participación en tarefas docentes (grao e/ou mestrado) rexerase polo tipo de contrato e figura ao que estea adscrita. A solicitude de colaboración realizarase obrigatoriamente no momento da elaboración do POD por parte do departamento ou no prazo dende o 20 de decembro de 2025 ata o 20 de xaneiro de 2026, para a súa incorporación no segundo cuadrimestre. Tamén poderán incorporarse no momento en que xurdan necesidades docentes sobrevidas no departamento que sexa necesario cubrir, ou pola incorporación tardía de persoal pre- ou posdoutoral con dereito a impartir docencia.

En calquera caso, e dado que a docencia por parte do PI é potestativa, este deberá, antes do reparto da docencia, expresar a súa intención de asumir docencia e solicitar o número de horas que, dentro do rango que establece a súa convocatoria, poida solicitar.

O PI predoutoral ten a obriga de simultanear a docencia, mentres que o departamento velará porque o PI posdoutoral poida impartir docencia en solitario, co fin de promover a súa formación docente e investigadora.

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Persoal predoutoral

A colaboración en tarefas docentes do persoal contratado predoutoral requirirá sinalar un profesor/a como responsable da materia ou materias correspondentes, e deberá simultanear a docencia co profesor/a de xeito presencial, segundo o establecido no eal decreto 103/2019 do 1 de marzo, polo que se aproba o estatuto do persoal investigador en formación.

Non obstante, o persoal contratado nesta modalidade con anterioridade á entrada en vigor do citado real decreto, poderá seguir participando nas tarefas docentes do seu departamento nas mesmas condicións en que o viña facendo con anterioridade á citada entrada en vigor, coa finalidade de cumprir co indicado na disposición final cuarta.

O persoal investigador predoutoral, non poderá, en ningún caso, ter asignadas horas de docencia en prácticas externas, nin coordinar materias, asinar actas ou formar parte dos tribunais de TFG ou TFM, aínda que si poderá co-tutorizalos.

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Docencia en simultaneidade:

De cara á calidade da docencia, baixo ningunha circunstancia se permitirá que máis dun investigador/a poida simultanear a mesma docencia presencial cun profesor/a. Permite-se a supervisión de varios investigadores/as en horas diferentes por parte dun mesmo docente. É responsabilidade dos departamentos organizar a incorporación do seu persoal investigador ás actividades docentes segundo o establecido na presente normativa. Os investigadores/as poderán iniciarse en labores docentes baixo a supervisión dun profesor/a permanente que actuará coma o seu titor/a supervisor/a durante un curso académico. A docencia en simultaneidade implica a presenza ao mesmo tempo na aula do investigador/a e profesor/a responsable da súa supervisión no desenvolvemento das súas tarefas docentes, sempre de xeito presencial. A solicitude para impartir docencia en simultaneidade deberá incluír a previsión detallada de horas en cada materia e de cada tipo e estará asinada polo investigador, o profesor/a responsable e o profesor/a coordinador das materias implicadas. Deberá recibir a aprobación do director/a do departamento ao que se adscriben as materias. Unha vez rematado o período docente, o PI e o profesor/a responsable da súa supervisión deberá remitir á vicerreitora con competencias na materia un informe asinado confirmando o número definitivo de horas

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Persoal posdoutoral

O persoal contratado e/ou indefinido na modalidade de acceso ao Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (investigadores/as posdoutorais) deberá decidir, antes do reparto da carga docente do departamento, se quere impartir ou non docencia, así como o número de horas que quere asumir (dentro do rango que lle permita a súa convocatoria e/ou figura). Este persoal poderá asumir tarefas docentes, tanto en grao coma en mestrado, se previamente o solicita, e titorizar ou formar parte dos tribunais de TFG e TFM, sempre e cando a convocatoria pola que se lle contratou o permita, e coordinar materias sempre que o seu contrato cubra o período total da docencia coordinada. Salvo que a súa convocatoria obrigue á docencia en simultaneidade, o PI posdoutoral deberá impartir docencia en solitario e non poderá impartir docencia en simultaneidade en ningún momento se existen necesidades docentes sen cubrir na súa unidade docente.

Será responsabilidade do departamento artellar as ferramentas que permitan ao PI posdoutoral impartir tanta docencia en solitario como lle sexa posible, en prol da súa formación como PDI da Universidade de Vigo. Aínda que non haxa necesidades docentes en ningún dos campus, o persoal investigador posdoutoral consolidable poderá asumir tarefas docentes nas mesmas condicións ca do profesorado, co fin de promover a súa formación docente.

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Docencia en Simultaneidade:

Un PI posdoutoral non poderá simultanear docencia se hai docencia sen cubrir. Non obstante, de xeito excepcional, se a capacidade do profesorado permanente é igual ou superior ás necesidades docentes, o persoal posdoutoral poderá simultanear a docencia con outro docente, estando ambos de xeito presencial, tal e como se especificou antes para o pre-doutoral. Esta situación deberá ser informada favorablemente pola dirección dos centros e autorizada pola vicerreitoría con competencias na materia. Unha vez rematado o período docente, o PI e o profesor/a co que simultaneou a docencia deberán remitir á vicerreitoría con competencias na materia un informe asinado confirmando o número definitivo de horas simultaneadas.

No caso de que, por circunstancias sobrevidas, sexa necesario cubrir docencia vacante por parte do departamento, o persoal investigador posdoutoral, que se atope simultaneando docencia presencial, deberá asumir obrigatoriamente a citada docencia, sen que sexa posible continuar na modalidade de simultaneidade.

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Investigador/a*	Figura	Dedic.	Horas Docencia Anual (Max)*	Horas Tutoría Semanal
PREDOUTORAL XUNTA GALICIA	BXUN	TC	60	1,5
FPU/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPU	TC	60	1,5
FPI/PREDOUTORAL MINISTERIO	BFPI	TC	60	1,5
PREDOUTORAL UNIVERSIDADE DE VIGO	BUVI	TC	60	1,5
PREDOUTORAL CON CARGO A CONVOCATORIA DA UCPI	BUCPI	TC	60	1,5
PREDOUTORAL DOUTORAMENTO INDUSTRIAL***	DI		30/60	1
POS DOUTORAL XUNTA APOIO A ETAPA DE FORMACION POS DOUTORAL	PXFP	TC	30	1
POS DOUTORAL XUNTA MODALIDADE A**	PXGA	TC	80	2
POS DOUTORAL XUNTA NOVA CON COMPROMISO DE CONSOLIDACION**	PXGAC	TC	100	2
POS DOUTORAL XUNTA MODALIDADE B/APOIO PARA COMPLEMENTAR A FORMACION POS DOUTORAL	PXGB	TC	80	2
POS DOUTORAL PROXECTOS MINISTERIO XOVES INVESTIGADORES	PXI3	TC	80	2
POS DOUTORAL CON CARGO A CONVOCATORIA DA UCPI	PUCPI	TC	100	2
POP/PERIODO ORIENTACION POS DOUTORAL MINISTERIO (EPI)	POP	TC	60	1,5
PROGRAMA RAMON Y CAJAL****	IRYC	TC	100	2,5
PROGRAMA JUAN DE LA CIERVA	IJDC	TC	100	2,5
INVESTIGADOR/A DISTINGUIDO/A LEI DA CIENCIA	IDIST	TC	100	2,5
CONTRATO ACCESO DE PERSOAL INVESTIGADOR DOUTOR	CAPID	TC	100	2,5

*Podrán realizalas de xeito voluntario

**Se lles permitirá acumular as horas no ano de volta se non as imputaron na estada

***Téñen que estar autorizados pola universidade

**** De acordo co permitido na súa convocatoria

A Universidade de Vigo modifica esta pinza tendo en conta a normativa de dedicación e recoñecementos docentes 2025_26 aprobada no Consello de Goberno do 20 de decembro de 2024, para determinar a capacidade efectiva do profesorado.

Anexo II. Incorporación ao POD do persoal contratado en programas de investigación (PI)

Investigador distinguido

O persoal contratado na modalidade de persoal investigador distinguido terá que cumprir coas obrigas docentes indicadas no seu contrato laboral, ou ben na convocatoria correspondente. Así mesmo, poderán simultanear docencia presencial nas mesmas condicións indicadas no apartado anterior para o resto do persoal investigador posdoutoral.

Anexo III. Requisitos das persoas candidatas nos concursos de profesorado

Profesorado substituto

Ao abeiro da normativa do profesorado substituto, aprobada en consello de goberno do 2 de decembro de 2024, poderase contratar con carácter temporal profesorado substituto para cubrir necesidades temporais de docencia xeradas por exencións docentes do profesorado, circunstancias sobrevidas de carácter extraordinario ou a suspensión temporal da actividade dun profesor/a, nas condicións establecidas polos servizos competentes para a súa solicitude, tal e como está recollido na normativa para a contratación de profesorado substituto na Universidade de Vigo.

O profesorado substituto terá dedicación a tempo parcial ou completo, se esta está adecuadamente motivada. A citada dedicación a tempo completo estará especialmente indicada cando un ou unha docente teña que ser substituída por outra, e especialmente en situacións de baixa por IT (incapacidade temporal), excedencia, desgravacións por maternidade, servizos especiais, ou outras situacións que dean lugar a baixas de longa duración.

A provisión de prazas de profesorado substituto realizarase mediante listaxes de agarda que se deberán xerar mediante un concurso específico. Segundo a normativa, este procedemento é de obrigatoria solicitude cando o departamento conte con docencia vacante.

Anexo III. Requisitos das persoas candidatas nos concursos de profesorado

Profesorado asociado

Para concursar a unha praza de profesorado asociado será necesario acreditar que a persoa candidata estea a exercer unha actividade profesional fóra do ámbito académico da universidade e que ten unha demostrada experiencia profesional durante un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos e posteriores a obter a titulación requirida para acceder á citada praza.

Profesorado visitante

O profesorado coa categoría de visitante contrátase por un período inicial máximo dun ano ampliable ata un total máximo de dous anos entre persoal docente ou persoal investigador de recoñecido prestixio que teña previa relación contractual con outras universidades ou centros de investigación. A contratación baixo a figura de profesor/a visitante será incompatible co desempeño doutras actividades retribuídas, agás cando se trate de persoal docente e investigador de universidades estranxeiras ou centros de investigación estranxeiros.

Foi aprobada por maioría na mesa e por asentimento na COAP.

Rosa Pérez: na parte de conciliación deberíase ter en conta a relación que existe entre o POD e os horarios de cada centro porque, nos centros onde os horarios están establecidos, o profesorado que queira exercer o seu dereito á conciliación obviamente vai escoller as materias nas que os horarios lle van mellor, pero nos centros (pon como exemplo o seu) nos que os horarios están despois, habería que garantir que esas persoas teñan ese dereito no momento no que se confeccionen os horarios.

A vicerreitora responde que se podería sen problema aceptar esa modificación de POD.

En canto aos desprazamentos de campus, Rosa Pérez pregunta se esas compensacións por desprazamento intercampus son con respecto a unidades docentes, ou entre campus. A vicerreitora responde que as unidades docentes van ligadas a campus, e que en ocasións áreas afíns imparten noutro campus.

Rosa Pérez di tamén que se comentou que o profesorado laboral se da horas de máis pode ser compensado con horas extras, entón, entendemos que hai un límite de horas de máis que pode dar? A vicerreitora comenta que hai un límite de 80 horas, que serán consideradas horas extraordinarias e se pagarán como corresponda con respecto ao convenio colectivo. Rosa Pérez sinala ademais que hai departamentos nos que hai profesorado funcionario que imparte voluntariamente horas de máis, e iso se recoñece con horas no seguinte curso, sempre e cando sexa algo sobrevido. A vicerreitora comenta que só se recoñecen cando é algo sobrevido, senón non se recoñece.

Consuelo Pérez fai a seguinte pregunta: respecto á capacidade docente, os/as Profesores/as docentes, independentemente da categoría, poden dar menos de 120 horas, como consecuencia das desgravacións? A vicerreitora responde que nestes momentos seguimos sen aplicar ese límite da LOSU, seguimos coa Transitoria, entón seguimos aplicando que non poden dar menos do 50% da súa capacidade docente. Temos ata o 30 de xuño de 2028, pero na mesa de negociación xa se constituíu unha mesa de traballo, cos sindicatos, para redactar unha nova normativa.

Concepción Paz ten algunhas dúbidas con respecto ás horas extras, o límite de 80 horas afecta tanto aos antigos como aos novos?. A vicerreitora responde que si, porque ven marcado polo convenio colectivo. Despois pregunta sobre o Persoal Investigador contratado como Predoc, para simultanear a docencia, non se refire a outro tipo de contrato? A vicerreitora responde que hai algúns contratos, como os FPI, FPU, os da Xunta, que teñen a posibilidade de impartir docencia, e despois, se estás contratado con cargo a un proxecto, aí poden impartir docencia. Pero se está contratado como investigador, entón non pode impartir docencia.

Concepción Paz pregunta, temos recollida unha normativa de afinidade de áreas?. A vicerreitora responde que existe unha publicada polo Ministerio. Facilitarase para que as persoas da comunidade universitaria teñan acceso á mesma.

Despois pregunta sobre a contratación de profesores asociados. Se un asociado tiña un número de grupos e ao ano seguinte o número de grupos baixa, que é o que pasa?. A vicerreitora responde que os profesores asociados LOSU son contratados para unha docencia, para unha materia determinada. Mentres esa materia estea o contrato segue.

Carmen Ruiz responde que podes despedilo por causas obxectivas, non é un despido improcedente. Se hai profesorado para impartir esa docencia non ten sentido ter un profesor asociado.

Jacobo Porteiro intervén para dicir que o profesorado asociado que se está a usar xa non se pode utilizar, de acordo co previsto na LOSU. O asociado era moi flexible ata a LOSU, agora é un procedemento moi ríxido, non lles podes quitar esa materia, é reservada para el. Pregunta se o concurso sae soamente para esa materia. A resposta da vicerreitora é que si. Entón os Departamentos terán que utilizar o profesorado substituto a tempo parcial. Non podería cambiar de materia, tería que ser un novo contrato. O reitor di que non estaba nos primeiros borradores da LOSU, e o considera bastante negativo.

Rafael Durán pregunta se alguén pode dar 0 horas se acumula moitas desgravacións, e a vicerreitora comenta que non, que é imposible por moitas desgravacións que haxa. Pregunta se coas desgravacións sindicais podería, e o reitor responde que si, nese caso podería.

Carmen Ruiz comenta que se os asociados LOSU entran en vigor no curso académico 2028-2029, no curso anterior os departamentos teñen que estar vixiantes para rescindir contratos se non queren contratados LOSU.

Rosa Pérez comenta que tiveron un caso no seu Departamento, o asociado reclamou e tiveron que admitilo.

Álvaro López Mira pregunta, se un asociado está con tres fragmentos de materias, se teñen que manter?. O reitor comenta que se debería sacar un concurso para unha materia, e non para contidos parciais de varias.

María Consuelo Pérez comenta que, no POD do ano anterior, a un asociado LOSU do seu departamento (imparte tres materias que xa saíron o concurso) pódennlle mudar as horas en cada materia, pero manténdolle docencia nas tres materias. A vicerreitora responde que si o poden facer.

Jacobo Porteiro intervén para falar das afinidades, que é do ámbito CNEAI, e cre que non se pode utilizar así, porque as afinidades son demasiado dispersas. O reitor di que traerase para acordar as afinidades propias para a UVIGO.

Miguel Cuevas comenta sobre os campos da ANECA de afinidade, sería convinte falar deses campos de acreditación. O reitor di que van a traballar na mesa de negociación para engadilo como anexo IV.

Apróbase por asentimento.

4. Aprobación, se procede, da delegación na COAP da aprobación do POD do curso académico 2025/26.

O reitor pide a delegación na COAP da aprobación do POD do curso académico 2025/26.

Apróbase por asentimento.

5. Aprobación, se procede, da creación e convocatoria dunha praza de TU correspondente ao 15 % da OEP do 2023 para a contratación de investigadores/as con certificado I3 na área de coñecemento A0555 (enxeñaría química) do departamento T04 (enxeñaría química) e delegación na COAP da convocatoria de mobilidade asociada.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen da a seguinte explicación, despois de comentar que foi aprobada por unanimidade na COAP:

Creación e convocatoria dunha praza TU

Creación e convocatoria dunha praza de TU correspondente ao 15% da OEP do 2023 para a contratación de investigadores/as con certificado I3

Departamento: T04 - Enxeñaría Química

Área de coñecemento: A0555 – Enxeñaría – Química

Centro: 101 - Facultade de Ciencias

Nome da RyC con I3 e acreditación a TU que da lugar á creación da praza: Torres Pérez, María Dolores

Data de remate do contrato RyC: 31 de decembro de 2024

Apróbase por asentimento.

6. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/26.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado e Ordenación Académica, quen explica que a convocatoria é a mesma que a do ano anterior:

Arno Formella comenta que para os anos sabáticos tense que ter en conta a avaliación do programa docencia, xa que na páxina web indícase isto literalmente.

Retírase o punto para incluír o informe docencia no vindeiro punto.

Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2025/2026

- Non hai modificación respecto á convocatoria do curso anterior
 - Prazo ata o 20 de febreiro de 2025
 - Criterios (mantéñense os mesmos do curso anterior):
 - 2 puntos por sexenio e 1 punto adicional se é un “sexenio vivo”.
 - 1,5 puntos por quinquenio.
 - Cargos de xestión unipersoais:
 - Últimos 10 anos: valoración da ACSUG para os complementos.
 - Entre 10 e 20 anos: 75 % do anterior.
 - Máis de 20 anos: 50 % do anterior.

Punto retirado.

7. Aprobación, se procede, da tramitación das propostas de Programas de Simultaneidade de Enxeñaría Agraria e Ciencias Ambientais e Enxeñaría Agraria e Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos para o curso 2025/2026.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen presenta as seguintes propostas:

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 23 de xaneiro de 2025

PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO EN ENXEÑARÍA AGRARIA E GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

- Declaración de interese aprobada no consello de goberno do 2 de decembro de 2024.
- Memoria (inclúe a memoria xustificativa).

EA: Mención en Hortofruticultura e Xardinaria
CCAA: Mención en Procesos Atmosféricos e Clima
- 366 créditos ECTS
- 10 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	204
Obrigatorias de mención	78
TFG	18

EA: Mención en Hortofruticultura e Xardinaria
CCAA: Mención en Xestión Ambiental
- 366 créditos ECTS
- 10 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	204
Obrigatorias de mención	78
TFG	18

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 23 de xaneiro de 2025

PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO EN ENXEÑARÍA AGRARIA E GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

- Memoria:

EA: Mención en Industrias Agrarias e Alimentarias
CCAA: Mención en Procesos Atmosféricos e Clima

- 372 créditos ECTS
- 10 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	204
Obrigatorias de mención	84
TFG	18

EA: Mención en Industrias Agrarias e Alimentarias
CCAA: Mención en Xestión Ambiental

- 372 créditos ECTS
- 10 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	204
Obrigatorias de mención	84
TFG	18

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 23 de xaneiro de 2025

PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO EN ENXEÑARÍA AGRARIA E GRAO EN CIENCIAS AMBIENTAIS

• Memoria:

EA: Mención en Hortofruticultura e Xardinaria
CCAA: Senención

- 366 créditos ECTS
- 10 cuatrimestres

EA: Mención en Industrias Agrarias e Alimentarias
CCAA: Senención

- 372 créditos ECTS
- 10 cuatrimestres

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 23 de xaneiro de 2025

PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO EN ENXEÑARÍA AGRARIA E GRAO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS

- Declaración de interese aprobada no consello de goberno do 2 de decembro de 2024.
- Memoria (inclúe a memoria xustificativa).

EA: Mención en Hortofruticultura e Xardinaria
CeTA: Senención

- 384 créditos ECTS
- 11 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	246
Obrigatorias de mención	54
TFG	18

EA: Mención en Hortofruticultura e Xardinaria
CeTA: Mención en Enoloxía

- 396 créditos ECTS
- 11 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	246
Obrigatorias de mención	66
TFG	18

Informado favorablemente por asentimento na COAP do 23 de xaneiro de 2025

PROGRAMA DE SIMULTANEIDADE GRAO EN ENXEÑARÍA AGRARIA E GRAO EN CIENCIA E TECNOLOXÍA DOS ALIMENTOS

- Declaración de interese aprobada no consello de goberno do 2 de decembro de 2024.
- Memoria (inclúe a memoria xustificativa).

EA: Mención Industrias Agrarias e Alimentarias
CeTA: Senención

- 366 créditos ECTS
- 11 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	246
Obrigatorias de mención	36
TFG	18

EA: Mención Industrias Agrarias e Alimentarias
CeTA: Mención Enología

- 378 créditos ECTS
- 11 cuatrimestres

Formación básica	66
Obrigatorias	246
Obrigatorias de mención	48
TFG	18

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

8. Aprobación, se procede, da modificación do curso de iniciación á formación para a docencia universitaria.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Titulacións e Innovación Docente, quen fai o informe sobre a modificación:

Informado favorablemente por asentimento na mesa de negociación do 16 de xaneiro de 2025 e na COAP do 23 de xaneiro de 2025

Apartado	Texto actual	Texto proposto
Antecedentes	Paralelamente, o 78.F dos Estatutos da Universidade de Vigo sinala que «o persoal docente ten dereito a formarse permanentemente, coa finalidade de garantir unha mellora da súa capacidade docente e investigadora» e no artigo 79.A o profesorado ten dereito a «actualizar e renovar os seus coñecementos académicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica».	Paralelamente, nos Estatutos da Universidade de Vigo sinálase que o persoal docente ten dereito a formarse permanentemente, coa finalidade de garantir unha mellora da súa capacidade docente e investigadora, e que o profesorado ten dereito a actualizar e a renovar os seus coñecementos académicos, así como a súa metodoloxía pedagóxica.

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento na mesa de negociación do
16 de xaneiro de 2025 e na COAP do 23 de xaneiro de 2025

Apartado	Texto actual	Texto proposto
A formación do profesorado novel universitario nas universidades públicas españolas		Ao longo do ano académico 2024/2025 houbo considerables modificacións das formacións nas universidades españolas xa que este colectivo de profesorado é complexo porque non existe un único perfil de docente universitario/a, senón tantos e diferentes de acordo cos seus contextos de actuación, a súa procedencia, a súa titulación de base e acceso á profesión, a súa identidade, a súa carreira profesional, o seu desenvolvemento profesional etc.

Informado favorablemente por asentimento na mesa de negociación do
16 de xaneiro de 2025 e na COAP do 23 de xaneiro de 2025

Apartado	Texto actual	Texto proposto
Liñas prioritarias	As competencias docentes: - A planificación das materias - A metodoloxica - A motivación - A comunicación - A integración de medios tecnolóxicos - A tutoría - A avaliación A competencia de pertenza institucional A competencia de innovación As competencias transversais	A competencia de pertenza institucional A competencia de recursos da Universidade de Vigo A competencia de planificación A competencia metodoloxica A competencia de recursos tecnolóxicos A competencia de avaliación A competencia sociolingüística en galego As competencias transversais: - A comunicación - As habilidades inter e intrapersoai. - A perspectiva de xénero - A atención á diversidade

Informado favorablemente por asentimento na mesa de negociación do
16 de xaneiro de 2025 e na COAP do 23 de xaneiro de 2025

Apartado	Texto actual	Texto proposto
Resultados de aprendizaxe		Detalláronse máis os resultados de aprendizaxe.
Modalidade de impartición	Híbrida	Asíncrona
Convalidacións		A Comisión de Estudos do CPFP estudará as convalidacións de temas do programa polos estudos realizados. O profesorado acreditado a contratado doutor, permanente laboral e titular de universidade estará exento de realizar a formación.

Universidade de Vigo



Informado favorablemente por asentimento na mesa de negociación do
16 de xaneiro de 2025 e na COAP do 23 de xaneiro de 2025

Apartado	Texto actual	Texto proposto
Duración	Un ano académico de 5 ECTS e un segundo ano optativo de 8 ECTS. Total 13 ECTS	Un ano académico de 3 ECTS (75 horas)
Programa	10 unidades primeiro curso Curso do CPFP ou mentorización no segundo curso	1. A competencia de pertenza institucional (3 h) 2. A competencia de recursos da Universidade de Vigo (2 h) 3. A competencia de planificación (10 h) 4. A competencia metodolóxica (14 h) 5. A competencia de recursos tecnolóxicos (16 h) 6. A competencia de avaliación (16 h) 7. A competencia sociolingüística en galego (4 h) 8. As competencias transversais (10 h)

Universidade de Vigo



Apróbase por asentimento.

9. Aprobación, se procede, da proposta de prezos para os complexos residenciais da Universidade de Vigo para o curso 2025/2026.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Estudantado e Empregabilidade, quen presenta a seguinte proposta:

Os prezos mensuais dos aloxamentos para o curso 2025/2026 actualízanse consonte:
 - O IPC interanual de decembro de 2024: 2,8 %
 - A parte da matrícula que repercutirá neste segundo ano
 (matrícula: $172 \text{ €}/3 = 57,30 \text{ €}/\text{curso} = 57,30 \text{ €}/10 = 5,73 \text{ €}/\text{mes}$)

Tipo de habitación:	Propuesta precios alquiler	Propuesta matrícula prorrataada	Propuesta alquiler + matrícula prorrataada	Precios a aplicar	Propuesta matrícula prorrataada (2º año)	aloj+matrícula repercutida	Propuesta alquiler + matrícula prorrataada	Precios a aplicar
	2024-25	2024-25	2024-25	2024-25	2025-26	2025-26	2025-26	2025-26
Estudio individual	364,29	5,73	370,02	370,00	5,73	375,73	386,25	386,25
Estudio ind. comp. cocina	364,29	5,73	370,02	370,00	5,73	375,73	386,25	386,25
Estudio doble	279,62	5,73	285,35	285,00	5,73	290,73	298,87	299,00
Estudio individual sup. (Ourense)	502,33	5,73	508,06	508,00	5,73	513,73	528,11	528,00

Apróbase por asentimento.

10. Aprobación, se procede, do I Plan de internacionalización da Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de internacionalización, quen presenta o I Plan de Internacionalización do seguinte xeito:

Antecedentes

- Nomeamento de direccións de áreas:
 - Promoción da Internacionalización:
Iago Pozo, dende o 1 de xaneiro de 2023
 - Plurilingüismo:
Óscar Ferreiro Vázquez, dende o 19 de outubro de 2023.
 - Titulacións Internacionais:
M.^a Jesús Iglesias Briones, dende o 27 de novembro de 2024.
- Actualización e elaboración de diversas normativas e regulamentos.
- Consulta con todos os centros da UVigo.
- Asistencia a numerosos eventos nacionais e internacionais.

Antecedentes

INDICADORES DO PLAN DE ESTRATÉXICO DA UVIGO 2021-2026

Obxectivo 5. Impulsar a
internacionalización e a
multiculturalidade

Accións	Indicadores
Mellorar o nivel de idiomas da comunidade universitaria empregando os recursos dispoñibles na Universidade de Vigo e en función do campo de especialización.	- Número de persoas por perfil que realizan cursos no Centro de Linguas.
Elaborar un novo plan de internacionalización.	- Aprobación no consello de goberno dun novo plan de internacionalización.
Fomentar a atracción internacional do estudiantado, do PDI e do PAS, e tamén a súa mobilidade con programas de intercambio e con estadias internacionais.	- Indicadores da mobilidade do estudiantado, do PDI e do PAS. - Número de persoas en programas internacionais.
Fomentar a colaboración coas universidades da Eurorrexión.	- Número de convenios asinados con universidades da Eurorrexión.
Promover as dobres titulacións internacionais.	- Número de dobres titulacións coa participación de universidades estranxeiras.
Traducir e adaptar os contidos ao inglés, especialmente nas aplicacións web, tanto as que teñen maior impacto na imaxe externa (portais e páxinas de benvida dos servizos) coma as internas (por exemplo a secretaría virtual).	- Número de aplicacións, portais e procesos dispoñibles en inglés, así como estatísticas de uso.
Promover a aprobación no Consello de Goberno dun novo plan de internacionalización.	- Indicadores recollidos no novo Plan de internacionalización.

Antecedentes

ACCÍONS DE MELLORA DO PLAN DE FINANCIAMENTO ESTRATÉXICO DAS UNIVERSIDADES DO SUG DA XUNTA DE GALICIA 2021-2026

- Diseñar programas de captación de alumnado de grao, especialmente en América Latina.
- Actualizar a oferta académica para captar máis alumnado das comunidades limítrofes.
- Incrementar a contratación de profesorado estranxeiro.
- Incrementar os créditos impartidos en inglés na oferta académica.
- Formar parte dunha universidade europea.

Obxectivos

- Recoller nun só documento a estratexia de internacionalización da UVigo.
- Fortalecer a súa presenza global en educación, investigación e cooperación, no marco dun programa plurianual con indicadores de seguimento anuais.

Eixes

1. Cooperación internacional
2. Mobilidade
3. Plurilingüismo e multiculturalidade
4. Atracción de talento internacional

Eixe1: Cooperación internacional

- Establecemento de alianzas e de convenios con institucións internacionais.
- Participación activa en redes internacionais como EUA, EUF e Grupo Compostela de Universidades.
- Desenvolvemento de dobres titulacións e de programas conxuntos.
- Incremento da visibilidade internacional.

Eixe1: Cooperación internacional

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
1.1. Impulsar a formación e a colaboración interinstitucional	Establecemento de convenios de colaboración, tanto marco, como específicos	Num. de universidades estranxeiras socias
		Num. de convenios de colaboración para accións de mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA131
1.2. Incrementar o número e a calidade dos convenios de mobilidade internacional e nacional.	Participación en redes	Num. de convenios de cooperación educativa para a mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA171
		Num. de convenios de colaboración para accións de mobilidade para estudiantado no marco do programa de bolsas propias
1.3. Avanzar na promoción da internacionalización da Universidade de Vigo	Visibilización internacional da Universidade de Vigo	Num. de feiras, reunións etc. de networking fóra da Universidade de Vigo
		Num. de redes, tanto nacionais como internacionais, nas que participa a Universidade de Vigo
1.4. Impulsar a docencia internacional na Universidade de Vigo	Concienciar a comunidade universitaria da necesidade da internacionalización	Num. de actividades divulgativas sobre a importancia da internacionalización no sistema universitario
		Num. de dobres graos internacionais
1.5. Incrementar as actividades de internacionalización e de cooperación educativa a través da participación en accións conxuntas no marco da alianza ATHENA	Establecemento de dobres titulacións internacionais	Num. de dobres mestrados internacionais
		Num. de graos conxuntos internacionais
1.6. Incrementar as actividades de internacionalización e de cooperación educativa a través da participación en accións conxuntas no marco da alianza ATHENA	Establecemento de titulacións conxuntas	Num. de mestrados conxuntos internacionais
		Num. de doutoramentos conxuntos internacionais
1.7. Incrementar as actividades de internacionalización e de cooperación educativa a través da participación en accións conxuntas no marco da alianza ATHENA	Promover as cotutelas internacionais de teses de doutoramento e as teses con mención de doutoramento internacional	Num. de teses de doutoramento en cotutela
		Num. de teses de doutoramento con mención de Doutoramento Internacional
1.8. Incrementar as actividades de internacionalización e de cooperación educativa a través da participación en accións conxuntas no marco da alianza ATHENA	Promover titulacións conxuntas dentro de ATHENA	Num. de graos e de mestrados conxuntos coas institucións socias de ATHENA
		Num. de proxectos conxuntos presentados con institucións socias de ATHENA

Eixe 2: Mobilidade



- Fomento da mobilidade saínte de estudantes, PDI e PTXAS en programas como Erasmus+, GE4, ISEP, bolsas propias etc.
- Incremento da mobilidade entrante cunha oferta académica atractiva.
- Consolidación e ampliación das redes de mobilidade con institucións internacionais.

Eixe 2: Mobilidade

Mobilidade do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS)

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
2.1. Incrementar o número de mobilidades de estudantado, PDI e PTXAS a través dos diferentes programas de mobilidade	Incrementar o número de estudantado, PDI e PTXAS saínte a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de estudantes saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de PDI saínte a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de PTXAS saínte a través de proxectos Erasmus+ KA131
		Núm. de estudantes saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de PDI saínte a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de PTXAS saínte a través de proxectos Erasmus+ KA171
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa de bolsas propias e de libre mobilidade
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa GE4
		Núm. de PDI saínte a través do programa IACOBUS
		Núm. de PTXAS saínte a través do programa IACOBUS
		Núm. de PTXAS saínte a través do programa STELLA for Staff
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa ISEP
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa Vulcanus
		Núm. de BIP organizados
		Núm. de BIP nos que a Universidade de Vigo participou

Eixe 2: Mobilidade

Obxectivos	Actuacións	Indicadores
2.1. Incrementar o número de mobilidades de estudiantado, PDI e PTXAS a través dos diferentes programas de mobilidade	Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS entrante a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA131 Núm. de PDI entrante a través de proxectos Erasmus+ KA131 Núm. de PTXAS entrante a través de proxectos Erasmus+ KA131 Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA171 Núm. de PDI entrante a través de proxectos Erasmus+ KA171 Núm. de PTXAS entrante a través de proxectos Erasmus+ KA171 Núm. de estudantes entrantes a través do programa de bolsas propias e de libre mobilidade Núm. de estudantes entrantes a través do programa GE4 Núm. de PDI entrante a través do programa IACOBUS Núm. de PTXAS entrante a través do programa IACOBUS Núm. de PTXAS entrante a través do programa STELLA for Staff Núm. de estudantes entrantes a través do programa ISEP
2.2. Mellorar a percepción que o estudiantado e o persoal entrante ten da nosa institución	Dar a coñecer a Universidade de Vigo ao mundo	Núm. de actividades organizadas para o estudiantado internacional Núm. de semanas internacionais organizadas
2.3. Incrementar o número de mobilidades de estudiantado, PDI e PTXAS no marco de ATHENA	Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS saíntes cara ás universidades de ATHENA a través dos diferentes programas de mobilidade Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS procedentes de universidades de ATHENA a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de mobilidades de estudiantado da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA Núm. de mobilidades de PDI da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA Núm. de mobilidades de PTXAS da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA Núm. de mobilidades de estudiantado das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo Núm. de mobilidades de PDI das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo Núm. de mobilidades de PTXAS das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo

Eixe 3: Plurilingüismo e multiculturalidade

- Elaboración, tramitación e aprobación do Regulamento para a docencia en lingua estranxeira (ReDLE).
- Consolidación e ampliación do programa Friendly en inglés. Posta en marcha do portugués, francés e italiano.
- Internacionalización na casa: implementación de metodoloxías COIL e clases espello para a aprendizaxe intercultural.
- Reforzo das competencias lingüísticas da comunidade universitaria

Eixe 3: Plurilingüismo e multiculturalidade

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
3.1. Mellorar a competencia lingüística e intercultural da comunidade universitaria a través de metodoloxías de internacionalización na casa	Mellora do nivel de linguas estranxeiras co fin de acadar certificacións oficiais	Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PDI
		Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PTXAS
		Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao estudiantado
	Mellora das competencias interculturais	Núm. de actividades de capacitación intercultural
3.2. Dinamizar a actividade do Centro de Linguas (CdL) da Universidade de Vigo	Mellorar a visibilidade do CdL	Núm. de accións de visibilidade presencial e virtual
		Núm. de accións de visibilidade nas RRSS
3.3. Ampliar os convenios cos institutos oficiais de linguas	Ampliar e afianzar os convenios	Núm. de convenios

Eixe 3: Plurilingüismo e multiculturalidade

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
3.4. Consolidar o catálogo de materias en inglés e noutras linguas	Afianzar e ampliar a presenza das linguas estranxeiras nas diferentes etapas de formación	Núm. de titulacións completas (mínimo 80 % dos créditos) en lingua estranxeira
		Núm. de materias impartidas en lingua estranxeira
		Núm. de materias English-Friendly
		Núm. de materias Português-amigável
		Núm. de materias Français-amical
		Núm. materias Italiano amichevole
		Núm. participantes no One2One
		Núm. participantes no Tándem lingüístico
3.5. Fomentar a participación de profesorado estranxeiro nas actividades docentes da Universidade de Vigo	Establecer colaboracións entre o PDI da Universidade de Vigo e do estranxeiro	Núm. de accións COIL
		Núm. de clases espello

Eixe 4: Atracción e retención de talento internacional

- Fortalecemento de colaboracións con rexións estratéxicas como Iberoamérica e Asia.
- Participación en eventos internacionais de captación como.
- Promoción *Study in Spain* do español como ferramenta de atracción.
- Creación do Centro de Benvida (*Welcome Center*) para facilitar a adaptación e a integración da comunidade universitaria internacional (**creado na web**).

Eixe 4: Atracción e retención de talento internacional

Obxectivo	Actuacións	Indicadores
4.1.: Avanzar na promoción internacional da Universidade de Vigo para a atracción de estudiantado, organizadas por diferentes institucións PDI e PTXAS	Participación en eventos de captación internacional organizados por diferentes institucións	Núm. de eventos de captación internacional (presenciais ou virtuais) nos que participa a Universidade de Vigo
	Emprego do español como lingua de atracción a través do Centro de Linguas (CdL)	Núm. de actividades de divulgación organizadas conxuntamente co CdL Núm. de estudantes de cursos de español que se matriculan en titulacións da Universidade de Vigo
4.2.: Facilitar a retención de talento internacional	Incremento de estudiantado internacional	Núm. de estudantes internacionais en grao
		Núm. de estudantes internacionais en mestrado
		Núm. de estudantes internacionais en doutoramento
	Posta en marcha do Centro de Benvida (<i>Welcome Center</i>)	Núm. de consultas ao Centro de Benvida (<i>Welcome Center</i>)

Seguimento e avaliación

- Seguimento do progreso en cada eixe mediante indicadores.
- Publicación de informes anuais de seguimento.
- Realización de axustes estratéxicos baseados nos resultados obtidos.
- Enfoque na sostibilidade e no crecemento continuo.

Aprobado pola Comisión de Relacións
Internacionais na sesión do 21 de xaneiro de 2025
por unanimidade.

Intervén o profesor José Montero Reguera, decano da Facultade de Filoloxía e Tradución, quen dá as grazas pola exposición e o documento, dicindo en primeiro lugar que é un día de ledicia por chegar ao Consello de Goberno un Plan de Internacionalización, que reside na idea de atraer talento internacional facendo fincapé nos países lusófonos e hispanófonos, pero engadindo outros europeos e doutras latitudes. Na súa facultade se imparten os Graos en Linguas estranxeiras e en Filoloxía Aplicada Galega e Española; el nunca foi austero nos seus recoñecementos, sempre agradeceu ao reitor e ao equipo de goberno que este Grao puidera funcionar. A partires do ano 2025-2026 incorpórase un mestrado de español como lingua estranxeira, polo que, para un decano desta facultade con tres titulacións con eixe nas linguas do país e as estranxeiras, un plan de internacionalización que ten unha parte importante de coñecemento das linguas propias, cun caladoiro importante de posibles estudantes da universidade, a estudantes hispanófonos e lusófonos, como xa dixo, é un motivo de satisfacción, así como algunha das iniciativas contidas no Plan de Internacionalización, o traballo feito e o esforzo para a elaboración dun plan destas características. O que desexa é que a parte administrativa acompañe á parte académica.

Manifesta as súas reservas en dous aspectos: un, que ten que ver coa páxina 22, apartado 3.3., sobre a certificación de linguas. A certificación de linguas segue única e exclusivamente a canle do Centro de Linguas, non di que non, pero para outros estudantes que non sexan os da Facultade de Filoloxía e Tradución. Existe xurisprudencia neste mesmo Consello de Goberno onde, hai 2 ou 3 convocatorias, aprobouse unha iniciativa neste sentido. Os profesores da Facultade poden dirixir teses de doutoramento e TFGS en inglés, en alemán, en portugués, cunha competencia lingüística importante, e, sen embargo, non poden certificar que os seus estudantes teñen capacidade para falar nenas linguas. A alguén se lle ocorre que a un enxeñeiro se lle pida certificación das súas competencias pola unidade técnica, polo que *mutatis mutandis*, se lles teña que certificar por unha unidade que non sexa a propia facultade?. E, aínda que sabe que estanse dando pasos ao respecto, isto está resolto na USC e na UDC, pero neste documento non queda reflectido en ningunha parte.

E con respecto ao punto 4.2, tamén ten reservas, “O español como ferramenta de atracción do estudantado internacional”. El é catedrático de literatura española, 15 anos como titular e 15 coma catedrático, coñece ben a problemática do español como lingua estranxeira porque tamén foi profesor de español como lingua estranxeira, pero o que lee é que no Centro de Linguas reside o ensino para dominar este idioma. Parécelle moi ben como elemento complementario, da sentido, pero non entende que resida toda a parte de coñecemento e ensino da lingua e da cultura nun servizo externo. O ano pasado tivo que pechar un curso de Lingua e Cultura Galega que está fora de PDA, o Plan ODIE comezou no ano 2017/2018, con 48 créditos, con materias como Lingua Española para estranxeiros e materias de historia, que desapareceron todas. Non é excluínate o papel do Centro de Linguas, pero non está o papel da Facultade de Filoloxía e Tradución. Non pode entender que toda esta parte de ensino de linguas, literatura, non estea tamén atribuído a FFT. Propón ademais engadir a todo o punto 4.2. a lingua galega, e poñela ao mesmo nivel que o español, a partir do propio epígrafe, no sentido de “O español e o galego como ferramentas de atracción de estudantado internacional”.

Non pode votar a favor deste documento sen que se mellore. Hai que aproveitar os recursos que ten a propia universidade, hai un grao español-galego, non acaba de entender que quede excluída unha facultade especializada no ensino de linguas neste plan de internacionalización.

Rosa Pérez manifesta o seu acordo coas palabras do Profesor Montero.

O reitor comenta con respecto á ORI, que fai falla unha modificación da RPT para ter maiores capacidades no servizo.

Sobre o punto 3.3 parécelle axeitado engadir unha frase: “Ademais das certificacións da Facultade de Filoloxía e Tradución tamén existen as certificacións do centro de linguas”.

E no punto 4.2, coa lei Paz Andrade, podemos incluír que, antes de outras citas, haxa algo relativo as funcións propias da Facultade de Filoloxía e Tradución.

Quedou enriba da mesa un cuarto punto, unha cuestión que para o reitor é prioritaria, relativa á captación de estudantado. O noxoso asunto que comentaba o decano, o reitor di que estamos en vías de solucionalo.

Rebeca Pilar Díaz Redondo quere unirse ás palabras do profesor Montero. Refírese ao Plan de Internacionalización dicindo que é un documento extenso que ten moito traballo, pero tamén ten as súas dúbidas de como se poderá levar á práctica todos os aspectos que se mencionan, precisamente porque os que traballan en temas de internacionalización, en ámbitos docentes ou de investigación, saben as dificultades que hai moitas veces co servizo. Cree que a ORI está infradotada, a infraestrutura que ten é moi cambiante e insuficiente, e ve complicado que se poida dar resposta a todo o que está no documento. Comenta un par de detalles con respecto aos indicadores, por exemplo na páxina 26 cando fala dos indicadores para o Eixe número 3, hai un indicador que ten que ver co punto 3.4, que fala de número de titulacións completas en inglés, mellor dito, en lingua estranxeira, e fala dun mínimo do 80% dos créditos. Isto cre que xa se tratara cando se falou do Regulamento (ReDLE), e non sabe se Maribel pensa no 80% dos créditos en total, ou no 80% dos créditos das materias comúns, porque en titulacións onde teñen mencións esta porcentaxe non se satisface e, ata onde sabe, hai dúas titulacións nesta Universidade nas que cumpren co 80% das materias comúns obrigatorias. Pregunta se é unha errata o do 80%, ou un obxectivo que se pensa acadar, porque non é coherente coa normativa que está no ReDLE. Na mesma táboa, no apartado 3.1, para avaliar o KPI é o número de cursos ofertados, sen avaliar se hai un progreso na adquisición de competencias, o número de xente que se apunta, quen finaliza o curso, e parécelle un tanto estraño, non é un indicador moi aliñado co obxectivo que se pretende.

Por último, no apartado 4, na páxina 28, fálase dun centro de benvida. A verdade é que isto faltaba, efectivamente, pero no apartado deste eixe 4 non aparece ningún KPI relacionado con este centro de benvida, algún indicador que vai avaliar este novo centro. Insiste nas carencias estruturais da ORI.

O reitor comenta que os procesos relacionados con cambios de posto de PTXAS a finais de ano foron difíciles, pero agora na ORI o que queremos no futuro é o mais profesionalizado posible, ve entusiasmo na ORI e vai a ser importante para a UVigo.

A vicerreitora responde ao decano, agradecendo antes de nada as súas palabras á favor do Plan de Internacionalización. Cre que o Plan de Internacionalización non se debe centrar nun centro. Redactou co seu equipo o Plan, e as veces tiña que distanciarse para que non parecese que barriá soamente para a súa facultade, aínda que na Comisión de Relacións Internacionais participa a vicedecana de Relacións Internacionais da FFT, quen tivo acceso ao documento e aprobouno por unanimidade, polo que non entende a postura negativa do decano, pero recolle a luva para tentar mellorar o Plan.

Despois responde a Rebeca, que está nun centro moi activo en internacionalización, xunto coa Facultade de Filoloxía e Tradución, o reitor xa comentou algúns temas, e con respecto a K-171, conseguimos moita financiación, polo que contratouse a unha persoa para mellorar os prazos de resposta na ORI.

Rebeca di que falta a resposta da táboa 3, páxina 23, a mellora da competencia do persoal. A vicerreitora comenta que ten razón, que non teña que ser soamente cursos, senón persoas que asisten, etc., polo que poderíase engadir algún indicador máis, e grazas polas suxestións.

Miguel Cuevas fala como parte social, aínda que tamén ten que ver coa súa adscrición á Facultade de Filoloxía e Tradución. Concorde totalmente co seu decano, quere un compromiso por parte da

Reitoría para que no Suplemento Europeo ao Título figuren, se é que se pode facer, esas competencias no título, e que despois de varios anos aínda non está plasmado, e parece que ser graduado en Linguas estranxeiras non significa ser competente en linguas estranxeiras, o que lle produce certo sarpullido. O Plan de ODIE, un plan que se viu minguido porque, e afecta a Alfonso e Adela, aos seus vicerreitorados, durante o ano 2018-2019 a súa facultade foi quen de ofertar para estudantes estranxeiros 42 créditos en materias deste programa específico para estudantes estranxeiros, e agora soamente foron quen de ofertar 6 créditos. Os departamentos perderon persoal porque non contaban no POD; eran materias impartidas gratuitamente e cun claro compromiso de internacionalización. Pregunta acerca do diñeiro que se paga á FUVI para avaliar o que se fai na Universidade, porque hai que reflexionar nesta cuestión, se a Internacionalización é Universidade de Vigo, selo Universidade de Vigo, administración pública, debe ser Universidade de Vigo, e non deixar que a internacionalización a fagan outros alleos. O reitor di que tamén se aproveitou o traballo feito pola vicerreitora Dolores González, aínda que non se fixera un Plan de Internacionalización. O prof. Montero di que recibiu información contraditoria entre o contido e ton das verbas do reitor e o contido e ton das verbas da vicerreitora de Internacionalización, pero que en todo caso está ao dispor do reitor e acepta a súa proposta de facerlle chegar un documento coa proposta de nova redacción dos puntos 3.3. e 4.2, incluíndo as suxestións expostas previamente. Pide que isto non quede só en verbas. Arno Formella comenta que, sen entrar en moito detalle, cre que sería convinte incorporar nas certificacións lingüísticas o feito de ser nativo nun idioma. Chégase ao acordo de aceptar unha serie de modificacións que vai propoñer a Facultade de Filoloxía e Tradución.

Apróbase por asentimento.

11. Presentación dos indicadores do I Plan de internacionalización dos anos académicos 2022-2023 e 2023-2024.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Internacionalización, quen fai a seguinte presentación:

Eixe 1: Cooperación internacional

INDICADORES

Obxectivo	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
1.1. Impulsar e fortalecer a colaboración interinstitucional	Establecemento de convenios de colaboración, tanto marco coma específicos	Núm. de universidades estranxeiras socias	750	850
		Núm. de convenios de colaboración para accións de mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA131	2200	2400
		Núm. de convenios de cooperación educativa para a mobilidade no marco do programa Erasmus+ KA171	15	22
		Núm. de convenios de colaboración para accións de mobilidade para estudiantado no marco do programa de bolsas propias	175	200
1.2. Incrementar o número e a calidade dos convenios de mobilidade internacional	Visibilización internacional da Universidade de Vigo	Núm. de feiras, reunións etc. de networking fóra da Universidade de Vigo	19	21
	Participación en redes	Núm. de redes, tanto nacionais como internacionais, nas que participa a Universidade de Vigo	9	9
1.3. Avanzar na promoción da internacionalización da Universidade de Vigo	Concienciar a comunidade universitaria da necesidade da internacionalización	Núm. de actividades divulgativas sobre a importancia da internacionalización no sistema universitario	12	6

Eixe 1: Cooperación internacional

INDICADORES

Obxectivos	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
1.4. Impulsar a docencia internacional na Universidade de Vigo	Establecemento de dobres titulacións internacionais	Núm. de dobres graos internacionais	3	6
		Núm. de dobres mestrados internacionais	0	2
	Establecemento de titulacións conxuntas	Núm. de graos conxuntos internacionais	0	0
		Núm. de mestrados conxuntos internacionais	0	1
		Núm. de doutoramentos conxuntos internacionais	1	3
	Promover as cotutelas internacionais de teses de doutoramento e as teses con mención de doutoramento internacional	Núm. de teses de doutoramento en cotutela	2	1
1.5. Incrementar as actividades de internacionalización e cooperación educativa no marco da alianza ATHENA	Promover titulacións conxuntas dentro de ATHENA	Núm. de graos e de mestrados conxuntos coas institucións socias de ATHENA	—	—
	Promover o desenvolvemento de proxectos conxuntos dentro de ATHENA	Núm. de proxectos conxuntos presentados con institucións socias de ATHENA	3	11

Eixe 2: Mobilidade

INDICADORES

Obxectivo	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
2.1. Incrementar o número de mobilidades de estudiantado, PDI e PTXAS a través dos diferentes programas de mobilidade	Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS saínte a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de estudantes saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131	441	522
		Núm. de PDI saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131	101	100
		Núm. de PTXAS saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA131	2	7
		Núm. de estudantes saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171	0	1
		Núm. de PDI saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171	20	8
		Núm. de PTXAS saíntes a través de proxectos Erasmus+ KA171	2	0
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa de bolsas propias e libre mobilidade	25	22
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa GE4	1	2
		Núm. de PDI saíntes a través do programa IACOBUS	22	22
		Núm. de PTXAS saíntes a través do programa IACOBUS	2	3
		Núm. de PTXAS saíntes a través do programa STELLA for Staff	0	0
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa ISEP	8	5
		Núm. de estudantes saíntes a través do programa Vulcanus	0	0
		Núm. de BIP organizados	0	0
Universidade de Vigo		Núm. de BIP nos que a Universidade de Vigo participou	14	6



ATHENA



Eixe 2: Mobilidade

INDICADORES

Obxectivo	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
2.1. Incrementar o número de mobilidades de estudiantado, PDI e PTXAS a través dos diferentes programas de mobilidade	Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS entrantes a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA131	340	367
		Núm. de PDI entrante a través de proxectos Erasmus+ KA131	0	20
		Núm. de PTXAS entrante a través de proxectos Erasmus+ KA131	0	11
		Núm. de estudantes entrantes a través de proxectos Erasmus+ KA171	6	10
		Núm. de PDI entrante a través de proxectos Erasmus+ KA171	26	15
		Núm. de PTXAS entrante a través de proxectos Erasmus+ KA171	4	4
		Núm. de estudantes entrantes a través do programa de bolsas propias e de libre mobilidade	71	107
		Núm. de estudantes entrantes a través do programa GE4	0	0
		Núm. de PDI entrante a través do programa IACOBUS	32	13
		Núm. de PTXAS entrante a través do programa IACOBUS	3	3
		Núm. de PTXAS entrante a través do programa STELLA for Staff	0	0
		Núm. de estudantes entrantes a través do programa ISEP	13	12

Universidade de Vigo



ATHENA



Eixe 2: Mobilidade

INDICADORES

Obxectivos	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
2.2. Mellorar a percepción que o estudiantado e o persoal entrante ten da nosa institución	Dar a coñecer a Universidade de Vigo ao mundo	Núm. de actividades organizadas para o estudiantado internacional	2	4
		Núm. de semanas internacionais organizadas	1	1
2.3. Incrementar o número de mobilidades de estudiantado, PDI e PTXAS no marco de ATHENA	Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS saíntes cara ás universidades de ATHENA a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de mobilidades de estudiantado da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA	7	6
		Núm. de mobilidades de PDI da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA	16	3
		Núm. de mobilidades de PTXAS da Universidade de Vigo coas institucións socias de ATHENA	1	4
	Incrementar o número de estudiantado, PDI e PTXAS procedentes de universidades de ATHENA a través dos diferentes programas de mobilidade	Núm. de mobilidades de estudiantado das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo	4	2
		Núm. de mobilidades de PDI das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo	0	7
		Núm. de mobilidades de PTXAS das institucións socias de ATHENA coa Universidade de Vigo	0	3

Eixe 3: Plurilingüismo e multiculturalidade

Obxectivo	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
3.1. Mellorar a competencia lingüística e intercultural da comunidade universitaria a través de metodoloxías de internacionalización na casa	Mellora do nivel de linguas estranxeiras co fin de acadar certificacións oficiais	Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PDI	3	8
		Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PTXAS	1	3
		Núm. cursos de capacitación lingüística dirixidos ao estudiantado	51	38
	Mellora das competencias interculturais	Núm. de actividades de capacitación intercultural	1	2
3.2. Dinamizar a actividade do Centro de Linguas (CdL) da Universidade de Vigo	Mellorar a visibilidade do CdL	Núm. de accións de visibilidade presencial e virtual	6	7
		Núm. de accións de visibilidade nas RRSS	115	120
3.3. Ampliar os convenios cos institutos oficiais de linguas	Ampliar e afianzar os convenios	Núm. de convenios	4	5

Eixe 3: Plurilingüismo e multiculturalidade

Obxectivo	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
3.1. Mellorar a competencia lingüística e intercultural da comunidade universitaria a través de metodoloxías de internacionalización na casa	Mellora do nivel de linguas estranxeiras co fin de acadar certificacións oficiais	Núm. de cursos de capacitación lingüística dirixidos ao PDI	3	8
3.4. Consolidar o catálogo de materias en inglés e noutras linguas	Afianzar e ampliar a presenza das linguas estranxeiras nas diferentes etapas de formación	Núm. de titulacións completas (mínimo 80 % dos créditos) en lingua estranxeira	2	2
		Núm. de materias impartidas en lingua estranxeira	266	278
		Núm. de materias English-Friendly	450	534
		Núm. de materias Português-amigável	N/A	N/A
		Núm. de materias Français-amical	N/A	N/A
		Núm. de materias Italiano amichevole	N/A	N/A
		Núm. de participantes no One2One	N/A	13
		Núm. de participantes no tandem lingüístico	50	85
		Núm. de participantes no HELA	18	32
3.5. Fomentar a participación de profesorado estranxeiro nas actividades docentes da Universidade de Vigo	Establecer colaboracións entre o PDI da Universidade de Vigo e do estranxeiro	Núm. de accións COIL	—	—
		Núm. de clases espello	—	—

Eixe 4: Atracción de talento internacional

INDICADORES

Obxectivo	Actuacións	Indicadores	Curso 2022/2023	Curso 2023/2024
4.1.: Avanzar na promoción internacional da Universidade de Vigo para a atracción de estudiantado, PDI e PTXAS	Participación en eventos de captación internacional organizados por diferentes institucións	Núm. de eventos de captación internacional (presenciais ou virtuais) nos que participa a Universidade de Vigo	3	4
	Emprego do español como lingua de atracción a través do Centro de Linguas (CdL)	Núm. de actividades de divulgación organizadas conxuntamente co CdL	1	3
		Núm. de estudantes de cursos de español que se matriculan en titulacións da Universidade de Vigo	6	18
4.2.: Facilitar a retención de talento internacional	Incremento do estudiantado internacional	Núm. de estudantes internacionais en grao	63	112
		Núm. de estudantes internacionais en mestrado	166	451
		Núm. de estudantes internacionais en doutoramento	217	455
	Posta en marcha do Centro de Benvida (Welcome Center)	Núm. de consultas ao Centro de Benvida (Welcome Center)	N/A	N/A

12. Aprobación, se procede do Regulamento de réxime interno do departamento de Química Orgánica.

O reitor refire que ten todos os informes positivos, polo que solicita a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

13. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña e a Universidade de Vigo para levar a cabo conxuntamente a organización e o desenvolvemento das ensinanzas oficiais de programas de doutoramento.

- 
- Modelo común de convenio de colaboración entre as tres universidades do SUG para os programas de doutoramento interuniversitarios:
 - Composición e competencias da comisión académica
 - Comisión de seguimento
 - Incorporación doutras entidades
 - Organización da formación doutoral
 - Recursos e servizos destinados ás ensinanzas
 - Admisión e selección de estudantes
 - Tramitación e expedición dos títulos
 - Procedemento de modificación e de extinción de títulos
 - Profesorado
 - Mobilidade
 - Aspectos xurídicos
 - Informe favorable da Asesoría Xurídica do 29 de xaneiro de 2025

Apróbase por asentimento.

14. Quenda de intervencións.

Miguel Cuevas intervén por unha cuestión moi breve, chegoulle información de que no tema das María Zambrano e María Salas, con respecto ó pagamento da cota patronal, está empezando a resolverse en sentenzas xa definitivas, e a Universidade de Castilla-La Mancha consultou ao Ministerio a posibilidade de utilizar fondos non de axudas para poder pagar estas cotas patronais que se lles retirou. Traslada a pregunta de se a Universidade de Vigo ten fondos non executados para poder facer fronte no caso de que a sentenza sexa contraria ou queira facelo voluntariamente.

O reitor responde que a CRUE recomendou que esperáramos a ter sentenzas definitivas. A vicerreitora responde que quedan algúns fondos, pero nas axudas de recualificación non queda para pagar todas as cotas patronais de todas a persoas afectadas.

O reitor agradece a presenza dos membros do Consello de Goberno.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:10 h. do día 6 de febreiro de 2025, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

A secretaria xeral